



PARFOIS

**A empresa lusa de complementos de moda ten, en setenta países, máis de 1.300 tendas, 400 delas en España**

## ***Parfois aposta por R para levar a Intelixencia Artificial ao seu negocio e achegarse máis aos seus/súas clientes/as***

- ***BAI Analytics, o equipo de R especializado en IA, coordinará con Parfois un traballo baseado na tecnoloxía DataRobot, idónea para automatizar tarefas e crear modelos predictivos.***
- ***O equipo experto de R desenvolverá tamén un labor de acompañamento para a firma portuguesa, asesorándoa en cuestións clave como a identificación de casos de uso de IA, análise dos datos para cada un deles e implantación e posta en produción deses modelos predictivos.***

**Martes, 16 de marzo de 2021.-** Consciente da importancia que hoxe ten a **transformación dixital** no devir inmediato e futuro da empresa, a marca lusa *Parfois* elixiu a **R** como guía para aplicar a Intelixencia Artificial ao seu modelo de negocio. É este un caso claro de *Mindset* dixital, en canto a esa concienciación da empresa sobre a necesidade de dixitalizarse a todos os niveis para tomar decisións estratéxicas que lle permitan seguir competindo e tirarlle o máximo rendemento aos seus recursos en pouco tempo e cun custo baixo.

Por iso, *Parfois* decidiu investir en solucións de Intelixencia Artificial, para adquirir un maior coñecemento sobre o seu negocio e as/os súas/seus clientas/es a través, por exemplo, do estudo de hábitos de compra ou a análise de vendas en canle electrónica fronte á tenda física, e obter así mellores niveis de saída dos seus produtos.

*Parfois* buscaba, en suma, un **socio tecnolóxico con experiencia en BigData e Intelixencia Artificial** que o asesorase e acompañase no lanzamento, seguimento e implantación do seu departamento interno de IA para pór en marcha os primeiros proxectos de analítica predictiva. E atopouno en **R**.

O experto en IA, Miquel Gil, de **BAI Analytics**, explica que a nivel xeral “*a nosa proposta consiste en aliñarnos coas necesidades do cliente, estudalas con el para propor a mellor solución que se adapte idoneamente ao seu negocio e orientalo na súa estratexia. Chegado este punto, utilizamos as mellores ferramentas para lograr o éxito proposto*”.

Nacho Vilaplana, científico de datos de *BAI Analytics*, engade que *Parfois* “*ten demostrado coñecer perfectamente o valor que pode conlevar para o seu negocio a explotación dos datos, e teñen unha estratexia moi clara e ben programada para conseguilo, coa que estamos totalmente aliñados*”.

Juan Redondo, director de compras de *Parfois*, en relación co motivo da aposta por **R** como socio tecnolóxico para desenvolver o seu proxecto de IA, indica: “*Decidimos traballar con DataRobot (e con BAI Analytics) porque é una ferramenta que nos permite dar un paso máis na análise de datos, facilitándonos o desenvolvemento de procesos de toma de decisión baseados en algoritmos predictivos. DataRobot posibilitáanos simular diferentes tipoloxías de algoritmos para ver que modelo se aproxima ao mellor resultado dunha forma rápida e simple. E BAI Analytics e os membros do seu equipo son os mellores compañeiros de viaxe para esta estratexia fundamental no ‘retail’*”

## **Dobre misión: consultoría de datos e tecnoloxía DataRobot**

A proposta de **R** ten dúas vertentes: por unha banda, un acompañamento guiado e constante que, entre outras cousas, se traduce para *Parfois* en asesoramento sobre tarefas como a identificación de casos de uso e retorno aproximado do investimento (ROI) de cada un deles. Este **servizo de consultoría de R**, a través de *BAI Analytics*, tamén inclúe a análise de datos para eses casos, a demostración do seu valor en distintos departamentos e a implantación dos modelos predictivos.

Sobre a outra vertente, Miquel Gil explica que “*a segunda misión da proposta de R refírese á aplicación da tecnoloxía DataRobot como ferramenta de automatización dos devanditos modelos para axilizar a súa posta en marcha e futura posta en produción. Parfois entendeu dende un principio que mediante o uso deste tipo de tecnoloxías, como a de DataRobot, a compañía pode abordar máis proxectos, grazas sobre todo a esa automatización de moitas tarefas. O impacto no negocio é palpable*”.

## **Unha proposta de valor á medida de Parfois**

O traballo conxunto de *BAI Analytics* cos profesionais da marca portuguesa vaille permitir a esta pór en marcha unha solución rápida e eficiente do seu modelo de negocio cun custo baixo. *Parfois* poderá familiarizarse coas mellores ferramentas do mercado en Intelixencia Artificial e concretar cales son os casos de uso máis axeitados para aproveitar todas as vantaxes que estas tecnoloxías ofrecen. No ámbito da consultoría, a empresa disporá do servizo dun equipo dedicado 100 % a ela e os seus profesionais recibirán a orientación e formación necesarias para consolidar o seu propio equipo de IA internamente.

## **Sobre Parfois**

**PARFOIS**, marca internacional de accesorios e moda fundada en 1994, está presente en máis de 70 países e tamén en liña en [parfois.com](http://parfois.com). A colección internacional lle presta moita atención ás tendencias, tendo sempre en mente o equilibrio entre moda e estilo de vida. Así, os accesorios constitúen as súas pezas clave, complementados cunha proposta de calzado e, dende hai pouco tamén, de pezas de roupa que lle ofrecen ao/á cliente/a unha experiencia de compra innovadora e mellorada.

## **Sobre BAI Analytics de R**

Persoal especializado, preparado para cubrir as necesidades comerciais, tecnolóxicas e científicas das empresas coas capacidades da IA compoñen o equipo profesional da iniciativa **BAI Analytics de R**. O operador galego conta xa cunha ampla carteira de clientes/as que se están beneficiando de solucións baseadas en Intelixencia Artificial con experiencias de éxito.

Por iso, **R** deu un paso máis para acometer de forma específica esta actividade, mostrándose, no ecosistema da IA, como o “actor” principal que ofrece un paquete de servizos “de extremo a extremo” mediante o uso de solucións cloud internas e plataformas de “Automated Machine Learning” como ‘Microsoft Azure’ ou ‘DataRobot’.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)